


Tecnoloxía e Dixitalización. Profesor Javier Villaverde. 2º ESO.

Debuxo técnico: sistema diédrico, vistas e perspectiva


OBX4 - Describir, representar e intercambiar ideas ou solucións a problemas tecnolóxicos ou dixitais, utilizando medios de representación, simboloxía e vocabulario axeitados, así como os instrumentos e os recursos dispoñibles.

O **Sistema diédrico** é unha forma de representación de obxectos que baséase na proxección ortogonal (perpendicular) das aristas da peza sobre dous planos perpendiculares. A liña de intersección dos planos, que fixa visualmente a posición do obxecto, chámase LIÑA DE TERRA. De maneira que o **Alzado** é a proxección sobre o Plano vertical e a **Planta** é a proxección sobre o Plano Horizontal. O mesmo co Plano de Perfil e o **Perfil**. Xirando sobre o plano de debuxo Planta e Perfil obtemos as VISTAS DUN OBXECTO.



Actividade de aula deb1: descrición e debuxo de obxectos simples según posición planos de proxección.

Exercicio1: unha **táboa FINA** de forma rectangular, plana, paralela a LT , coincidindo co PH e separada do PV. Sobre ela unha figura en forma de **prisma de sección cadrada**, posta de pe, separada dos borde e preto da esquina de atrás a esquerda. E na outra esquina unha pequena **táboa**, cuadrada plana e pegada a un dos bordes.



Exercicio 2: describe con palabras o obxecto debuxado no encerado. (VER LIBRETA)

Outros exemplos: *un hueco na esquina de diante, en forma de cubo. Un listón de sección rectangular, fino, tumbado e pegado ó borde de atrás. Dous taladros simétricos no lado dereito...*